

A D.O. Ribeira Sacra aposta polo mercado anglosaxón participando na London Wine Fair

Este ano, por primeira vez, a D.O. Ribeira Sacra participa na London Wine Fair, o evento de viños máis grande do Reino Unido e unha das citas internacionais máis importantes do sector, onde se dan cita máis de 14.000 viños de 32 países e conta coa asistencia de importadores e distribuidores de todo o mundo.

A feira desenvólvese entre os días **20 e 22 de maio**, días nos que se converte nunha excelente oportunidade para amosar os viños da D.O. Ribeira Sacra ao mundo e en particular ao mercado anglosaxón, que é moi importante para a Denominación. Acudir á London Wine Fair contribúe a consolidar as vendas das adegas da Denominación que xa exportan ao mercado anglosaxón e abre a posibilidade a outras adegas.

Como en Vinexpo Bordeaux, feira da que acaba de chegar a D.O. Ribeira Sacra, na London Wine Fair estará presente a través do **Túnel do Viño que se leva a cabo no pavillón de España que organiza o ICEX**.

O Túnel do Viño que permite dar a coñecer toda a variedade dos viños da D.O. Ribeira Sacra contará coa participación de **case unha trintena de marcas de 10 adegas**. As adegas participantes son:

- Adega Ponte da Boga
- Adegas e Viñedos Vía Romana
- Bodegas de Rectoral de Amandi
- Bodegas de Santa María de Nogueira
- Grupo Peago
- Javier Méndez Arias
- Regina Viarum
- Víctor Manuel Rodríguez López
- Spanish Wines by Carlos Rodríguez
- Tolo do Xisto